



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Cidrás Piñe, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membriela Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Cruces Colado, Susana
Garrido Valenzuela, Irene
Iglesias Antelo, Beatriz
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Muñoz López, Luis
Ortiz Torres, Luis
Pena Rodríguez, Alberto
Pereira Domínguez, Alejandro
Pérez Losada, Fermín E.
Pousada Carballo, José María
Suárez Pazos, Mercedes
Vidal Vázquez, Ricardo

PDI-A:

Blanco Pesqueira, Antonia
Domínguez Martín, Jorge
Garriga Domínguez, Ana
González Vázquez, Encarnación
Legido Soto, José Luis
Liz Marzán, Luis Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel

ESTUDANTES

Fariñas Valiña, Iago

PAS:

Torres Vázquez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Castejón García, Margarita
Pérez Mato, Federico

DESCULPAN ASISTENCIA

Bernal Gómez, Rosa
González Piñeiro, Luis
Martínez Insua, Ana Elina
Sueiro Justel, Joaquín

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 11 de xuño de dous mil oito, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 11 de xuño de 2008, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 28 de abril de 2008.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.
4. Aprobación, se procede, de instrucións para o desenvolvemento do punto 6.4 das Directrices propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos plans de estudo de grao.
5. Resolución do recurso de alzada presentado por D. José Henrique Pérez Rodríguez.
6. Aprobación, se procede, do límite de prazas para traslado nas titulacións de Fisioterapia, Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual.
7. Aprobación, se procede, do calendario de preinscrición e matrícula de estudos oficiais de master do curso académico 2008/2009.
8. Aprobación, se procede, do calendario de aprobación de novas propostas de títulos de master universitario para a súa implantación no curso 2009/2010.
9. Aprobación, se procede, da liquidación e memoria económica do ano 2007.
10. Aprobación, se procede, da modificación das normas de execución orzamentaria.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.
12. Aprobación, se procede, do pronunciamento do Consello de Goberno sobre as taxas académicas.
13. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética.
14. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Química.

15. Aprobación, se procede, dos modelos de convenios de cooperación educativa para as prácticas de máster e cursos de especialista en empresas e institucións.
16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración coa L'Université Cadi Ayyad (Marrocos) – Convenio específico coa Universidade dos Andes (Venezuela) – Memorando de entendemento co Ministerio de Educación e Ciencia para promover a colaboración na área da docencia – Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o apoio ao deporte universitario e a dinamización da práctica deportiva – Addenda ao convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, sobre o catálogo de validacións 2008-2009 – Convenio específico interuniversitario coa Universidade de Girona para a mobilidade de alumnos do máster oficial en planificación e dirección de turismo – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para a preparación das propostas de novos plans de estudo no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais – Protocolo de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para a formación clínica dos estudantes de ciencias da saúde no sistema universitario de Galicia (SUG) – Addenda ao convenio de colaboración coa Universidade Rovira i Virgili e a Universidade da Coruña, para a elaboración dun modelo de armonización da docencia orientado á converxencia ao espazo europeo de educación superior – Convenio de colaboración coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo, para promover conxuntamente un programa de cursos, seminarios e encontros no ano 2008 – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para o apoio á creación e consolidación de oficinas de software libre universitarias – Convenio marco de colaboración co Centro de Investigaciones en Óptica, A.C. (México) – Convenio Específico co Centro de Investigaciones en Óptica, A.C. (México).
17. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social).
18. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 28 de abril de 2008.

Intervén a secretaria xeral para sinalar que se ten presentado polo Prof. Sánchez unha petición de rectificación da acta. Trátase dun pequeno cambio na redacción do punto 7 da orde do día, relativo á aprobación de propostas de títulos de grao, que quedará como consta agora na folla que se presentou aos membros do Consello de Goberno no inicio da sesión.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Informa o reitor dos seguintes asuntos: en primeiro lugar, sinala que o Consejo de Universidades, na sesión celebrada o pasado 28 de maio, informou favorablemente os requisitos para a verificación dos títulos que habilitan para o exercicio de profesións reguladas no ámbito da enxeñaría, é dicir, as directrices para os títulos de enxeñaría con atribucións profesionais reguladas. Polo que a esta universidade atinxe, esta aprobación afecta ás actuais titulacións de Enxeñaría Técnica Industrial, Enxeñaría Industrial Superior, Enxeñaría Técnica Forestal, Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Técnica de Sistemas, Enxeñaría Técnica de Imaxe e Son e Enxeñaría de Telecomunicacións.

A aprobación destas directrices foi feita de xeito provisional, diante da evidencia dalgunhas consultas lexislativas pendentes, das precisións necesarias na asignación dalgunhas atribucións (por exemplo as competencias de xestión ambiental) e dos erros materiais detectados (por exemplo nalgunhas directrices, os cambios introducidos fan que a suma final dos créditos incorporados en cada módulo básico supere o fixado no decreto de implantación de novos estudos).

Para resolver todos estes aspectos fíxose previsión das xuntanzas necesarias e anticipouse a posibilidade dalgúns cambios, o que podería supoñer no seu caso unha nova remisión das directrices ao Consejo de Universidades.

Nesta situación, a posición do equipo de goberno é non acelerar a reforma no ámbito da enxeñaría e, polo tanto, non abrir de novo o proceso que concluímos para o resto das titulacións no pasado mes de abril. Parece que a mellor compañía neste caso é a prudencia, que permitirá observar cómo se precisan e interpretan as normas no ministerio e qué decisións comezan a adoptar as politécnicas, sobre todo en Madrid e Barcelona. Con calma e máis información, as xuntanzas de ámbito poderán avaliar mellor o que vaia acontecendo e preparar en condicións as reformas dos títulos deste ámbito (e os que faltan dos outros) para a súa aprobación en 2009 e a súa posta en marcha en setembro de 2010.

En segundo lugar, informa que a ANECA ten concluído xa o traballo de verificación dos primeiros plans de estudo adaptados ao EEES. Presentáronse 205 novos títulos de grao, dos cales 140 tiveron informe favorable, 60 desfavorable e 5 foron retirados. Estase agora en período de alegacións e pecharase o proceso esta mesma semana, antes de que comecen as probas de selectividade.

Na mesma xuntanza do Consejo de Universidades á que se está referindo presentouse a estrutura do novo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e o programa de obxectivos básicos para a Secretaría de Estado de Universidades.

Respecto da estrutura do novo Ministerio, estará articulada en tres eixos:

- A Secretaría de Estado de Universidades, da que colgarán dúas Direccións Xerais: a de Universidades e a de Programas e Transferencia de Coñecemento, que levará os programas de proxectos do plan nacional, de recursos humanos e de infraestruturas. A nova Secretaria de Estado é Dona Otilia Mon.

- A Secretaría de Estado de Investigación, que levará a planificación e avaliación do Plan Nacional de I+D+i no seu conxunto, a coordinación dos OPIS e as políticas internacionais de investigación e grandes instalacións.
- E o terceiro eixo será o CDTI, que seguirá centrando a súa actuación no desenvolvemento de actividades de fomento da innovación empresarial.

Polo que respecta aos seus obxectivos básicos para as universidades na presente lexislatura enunciaron os seguintes :

- Completar o proceso de adaptación de títulos ao EEES, tratando de depurar e simplificar un pouco máis todo o procedemento experimentado na primeira fase da reforma.
- R.D. polo que se creará o Rexistro de universidades, centros e títulos (aprobación no 2º semestre de 2008).
- R.D. polo que se regulará a proba de acceso á universidade española, así como os procedementos de admisión á mesma (aprobación no 1º trimestre de 2009).
- R.D. polo que se aprobará o Estatuto do PDI, que deberá incluír a definición da carreira por méritos, as condicións para a xestión da explotación dos resultados da investigación, a dedicación do PDI, a regulación da excedencia para incorporarse ás EBTs, as incompatibilidades, permisos, xubilacións, comisións de servizo, etc. (Borrador en outubro para ser sometido a debate na comunidade universitaria e texto final en decembro de 2008, para a súa posible aprobación no 1º semestre de 2009).
- R.D. polo que se aprobará o Estatuto do estudante universitario, incluíndo a creación do Consejo de Estudiantes Universitarios e as fórmulas para a participación dos representantes estudiantís a nivel europeo (texto a debate no último trimestre de 2008).
- Promoción dun novo plan de financiamento a nivel nacional para as universidades, en estreita conexión coas iniciativas autonómicas neste terreo.
- Creación de 24 novos centros mixtos de investigación (Universidades/CSIC), diseminados por toda a xeografía nacional, ao estilo do proxecto da Cidade do Mar.
- E, por último, dous compromisos de máis longo alcance e prazo, pero dunha indubidable importancia:
 - Unha nova Lei da ciencia, que deberá adaptar o desenvolvemento da carreira docente e investigadora e as liñas básicas de mantemento e financiación das actividades científicas e tecnolóxicas.

- Unha nova lei de atribucións profesionais, que tratará de poñer orde no batiburrillo lexislativo acumulado durante case dous séculos.

Para pechar este punto 2º da Orde do Día, informa dunha substitución producida na Dirección de Área de Igualdade, dependente da Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes. Cesa por razóns persoais Dona Coral del Río Otero e asume o cargo con data do 1 de xuño Dona Ana Garriga Domínguez, profesora titular de Filosofía do Dereito.

Punto 3. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se trata da solicitude de comisión de servizos por un ano solicitada polo Ministerio de Cultura para o profesor titular de Historia da Arte D. José Antonio Castro Fernández, coa finalidade de desempeñar o cargo de *subdirector general del Patrimonio Histórico Español*. Cóntase cos informes favorables do Consello de Departamento de Historia, Arte e Xeografía e da COAP do pasado 20 de maio de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, de instrucións para o desenvolvemento do punto 6.4 das Directrices propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos plans de estudo de grao.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que as “Directrices propias da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudo de grao”, aprobadas en Consello de Goberno do 05/03/08 establecen no seu apartado “6. O procedemento de aprobación” o seguinte, respecto da intervención da COAP no proceso:

6.4.- A proposta de plan de estudos remitirase á Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) para o seu estudo de viabilidade académica e orzamentaria, de acordo cos recursos humanos e materiais existentes.

O documento que se presenta ao Consello de Goberno e que consta como **anexo I** ten unha dobre finalidade:

1º Proporcionar á COAP un marco de estudo común para todas as titulacións que facilite a súa labor.

2º Que as propostas de plans de estudo non impliquen cargas de traballo ou de presencialidade excesivas para o alumno.

Solicitarase para cada materia unha táboa como a que consta no anexo. A columna esquerda representa as horas presenciais dos alumnos divididas en grupos grandes con 60 ou máis alumnos, semellantes a clases maxistrais, grupos reducidos con 15 ou menos alumnos e

grupos intermedios. Tamén establece as horas de traballo autónomo do alumno que son as restantes ata completar as totais.

A primeira norma é asignar 25 horas totais do alumno por cada crédito ECTS. Isto implica 1500 horas/ano ou 37,5 horas semanais en 40 semanas do curso.

A segunda norma é que no global do plan de estudos, as horas presenciais en grupos ABC quede comprendida entre o 30 e o 35% das totais. Isto implica entre 15 e 17,5 horas semanais tomando 30 semanas do curso, pero que representarían ata 20 horas se consideramos cuadrimestres de 13 semanas. Parécenos que non deberían superarse estes límites polo que queremos propor estes números dentro das instrucións.

Aínda que os detalles do encargo docente (número de grupos e departamentos responsables) é competencia da xunta de centro e non de titulación, parece de interese que xunto coa proposta se presente unha estimación dos recursos que a Xunta de Titulación considera necesarios en grupos docentes e un adianto de posibles departamentos responsables. Estes números poden ser unha axuda valiosa para que a COAP poida valorar os recursos necesarios e poden ser tamén un dato realista que axude a configurar as futuras normativas académicas de POD.

Seguidamente, o vicerreitor expón un exemplo de como se aplicaría o sistema exposto.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén a Prof^a. Suárez para preguntar se no caso do “gran grupo” ao que alude o vicerreitor existe un número de alumnos a partires do cal o grupo se duplica.

O vicerreitor resposta que se pode tomar como referencia a normativa actual, pero en principio quérese ter certa flexibilidade e ter en conta as peculiaridades de cada centro e para iso é bo escoitar ás xuntas de titulación.

A Prof^a. Suárez continúa preguntando se o número estimado de estudantes afecta ao número de prazas ofertadas de acceso á titulación.

O vicerreitor sinala que si ten relación e dependendo do fluxo de alumnos ao longo dos anos poderá facer unha previsión por materias.

A Prof^a. Vázquez fai dúas preguntas: dun lado, a posibilidade de facer obras nos centros tendo en conta que se establecen os grupos dependendo dos ocios existentes; doutro lado, cal é a carga do profesor.

En relación á primeira cuestión o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que se escoitará ás xuntas de titulación e se debido ás peculiaridades do centro é necesario facer obras, isto debe reflectirse na proposta que se faga e despois se estudará a viabilidade. En canto á segunda cuestión, manifesta que a actividade do profesor está supeditada á existencia de normas de rango superior e polo momento se está utilizando como referencia o que hai. Por esta razón se presenta un marco de estudo común. Engade que

o que se ten falado entre as tres vicerreitorías do sistema universitario galego é que se computen horas presenciais con alumnos.

O reitor engade que o comisionado de infraestruturas está traballando cos decanos na adaptación de espazos, e se farán as obras necesarias se a proposta académica é viable.

O Prof. Legido entende que o que se debe facer é un estudo global da adaptación a Bolonia e se deben incluír todas as actividades do profesor tanto de grao como de posgrao. Fai referencia á existencia dun informe da asesoría xurídica sobre a necesidade de que este incluído o posgrao no POD. Adianta que non van apoiar este tipo de plan que non é global.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que isto non é incompatible co que se poida facer no futuro sobre recoñecemento doutras actividades do profesor, pero se entende que este documento é necesario para facilitar o traballo da COAP.

O Prof. Berrocal considera que o traballo do vicerreitor de Organización Académica e Profesorado é complicado pero non lle parece axeitada a vía pola que se vai, porque do que se trata é de por parches. Éstase nunha situación de incertidume que non se resolve con esta medida que se propón. Entende que non ten sentido ter en conta a dedicación de horas sen computar outras actividades do profesor. Remata a súa intervención propoñendo que se teña unha visión mais global que poña fin á incertidume existente.

O reitor manifesta que con este documento o que se pretende precisamente é evitar a incertidume, e considera que buscar certeza plena neste momento é imposible debido a que non existen normas que determinen que é un crédito ECTS. Do que se trata é de facilitar o traballo das xuntas de titulación cunhas guías flexibles que lles permitan ter unha perspectiva relativa a grupos, prácticas e instalacións. Imaxinar que se poida resolver un plan global de dedicación do PDI cando o estatuto está sen aprobar, é imposible. Tampouco é fácil imaxinar a relación entre grao, posgrao e terceiro ciclo cando aínda non temos implantado o grao. Aceptada esta incertidume, manifesta que a posición do equipo de goberno é clara e así se reflectirá no documento de I+D que se presentará no Claustro Universitario o vindeiro 25 de xuño. Así, no posgrao hai dúas vías: un master vinculado a investigación que estará no POD e outro máster de carácter profesionalizante que é voluntario e flexible e estará fora do POD e con presenza externa. Sinala que na Universidade de Santiago de Compostela os masters están en POD ata esgotar a carga do profesor e o resto chámase docencia voluntaria e na Universidade da Coruña tamén están en POD pero só se permite convocar prazas de profesor asociado e ata un 20% da carga do master. Deixa claro que non son posibles solucións mixtas ou está en POD o master ou non. Todo o sinalado deixa claro que non hai incertidume no posgrao senón unha liña clara que é a mais beneficiosa para a universidade. Entende que no tema do grao a situación é mais incerta pero o equipo de goberno quere ser prudente e aprobar unha norma que permita avanzar nesta primeira fase con tranquilidade.

O Prof. Legido manifesta novamente a necesidade de discutir un plan xeral no que se teña en conta que recursos se teñen e ademais no que se compute toda a actividade de cada un e que se teña claro como se vai aplicar todo o sistema.

O reitor entende que non se pode aprobar unha norma xeral porque as situacións son distintas, porque hai títulos que pasan de 3 a 4 anos e unha previsión xeral que obrigue a ter

en conta os recursos existentes pode ser prexudicial. É moito máis beneficioso ter unha referencia xeral pero deixando aberta a posibilidade de que cada un xustifique a súas propostas.

O Prof. Berrocal discrepa coa conclusión final do reitor e demanda novamente un debate global de docencia e investigación aínda que o mesmo se faga dentro dun marco de incertidume. Critica que o acordo de Consello de Goberno sexa unha ficha que se teña que cubrir pola xunta de titulación.

O reitor sinala que a partir da aprobación do plan estratéxico poden empezar a presentarse plans, primeiro o de I+D e despois o de profesorado. Pero aínda que se presenten eses documentos, hai cousas que non se poden resolver, así por exemplo aquí non se falou dos masters académicos porque poden distorsionar a oferta desta universidade, pero dentro de catro anos cando estean xa implantados os graos, xa se poderá falar deles.

Procedese á votación da proposta de documento presentada polo vicerreitor de Organización Académica e Profesorado. Feito o reconto o resultado é o seguinte:

- Votos a favor: 25.
- Votos en contra: 3.
- Abstencións: 6.

Apróbase por maioría.

Punto 5. Resolución do recurso de alzada presentado por D. José Henrique Pérez Rodríguez.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. José Henrique Pérez Rodríguez contra o acordo do Consello de Departamento de Tradución e Lingüística de 16 de abril de 2008 polo que se aproba o POD para o curso 2008/09.

O motivo da impugnación dese acordo é a non utilización dos criterios aprobados pola xurisprudencia para o reparto da docencia na materia de Informática Aplicada á Tradución.

O informe da asesoría xurídica parte da consideración de que, non habendo normativa que fixe os criterios para a distribución das obrigas docentes por parte do consello de departamento, será este órgano o encargado de aprobar estes criterios tendo en conta os que xa ten establecido a xurisprudencia: a prelación entre corpos docentes e dentro destes a antigüidade.

No que respecta a antigüidade, non existe norma na Universidade de Vigo que determine o criterio para o seu cómputo, de xeito que novamente é o consello de departamento o que debe determinar ese criterio.

Neste caso, o departamento acordou adoptar o criterio da antigüidade administrativa, polo que non existe ningunha infracción legal na asignación da docencia.

Por todo o anterior, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a desestimación do recurso presentado polo Prof. José Henrique Pérez Rodríguez.

Intervén a Prof^a. Cruces como directora do Departamento de Tradución e Lingüística para por de manifesto que este no é o primeiro recurso que presenta este profesor senón que ten reiterada a súa presentación en anos anteriores e, en todos eles, tanto no caso de recurso administrativo como contencioso, ten perdido fronte ao departamento. Na liña xa exposta pola secretaria xeral entende que o consello de departamento é o órgano soberano para decidir os criterios de distribución da docencia.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, do límite de prazas para traslado nas titulacións de Fisioterapia, Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata de dar resposta a unha petición de limitación de prazas para traslados de alumnos doutras universidades, presentada para as titulacións de Fisioterapia, Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual.

No caso de Fisioterapia, a proposta que se fai polo centro é reservar un 2% das prazas totais para traslados, no caso de Publicidade e Relacións Públicas resérvanse dúas prazas e en Comunicación Audiovisual unha praza.

O requisitos xerais que se esixen son que os alumnos teñan superado o primeiro curso en caso de ensinos non renovados ou 60 créditos en ensinos renovados e que a cualificación de acceso á universidade no sexa inferior á do último alumno que accedeu á titulación.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, do calendario de preinscrición e matrícula de estudos oficiais de master do curso académico 2008/2009.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o calendario de preinscrición e matrícula que se recolle no **anexo II**.

Intervén o Sr. Fariñas para por de manifesto o problema xurdido no curso académico que agora remata sobre a posibilidade de matrícula a través de internet, en canto que os alumnos tiñan que imprimir o impreso de matrícula e presentalo por rexistro.

A vicerreitora contesta que se está modificando a plataforma de xestión académica e a idea a tela implantada para o vindeiro curso académico para os masters e o grao de Belas Artes. Isto suporía poder facer todo o trámite de matrícula a través de POD pero non pode aseguralo ao 100 % debido a complexidade da implantación.

O Prof. Legido solicita que se dean instrucións ás secretarías dos centros para que actúen con flexibilidade no proceso de matrícula debido a que os prazos están moi axustados.

A vicerreitora resposta que se fará esa recomendación e recorda que, si lles falta documentación, a normativa xeral da un prazo de 10 días para aportala.

Continúa sinalando o Prof. Legido que aos alumnos estranxeiros se lles pide que acheguen o título traducido e solicita que se lles permita aportalo despois.

A vicerreitora recorda novamente a existencia do prazo de dez días para achegar documentación e, se se achega despois, terá que ser nun suposto en que existan prazos vacantes.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, do calendario de aprobación de novas propostas de títulos de master universitario para a súa implantación no curso 2009/2010.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o contido concreto do calendario, que consta no **anexo III** e explica que a razón da súa necesidade deriva da aprobación do novo RD. 1393/2007 de 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e establece un procedemento de aprobación novo para os másters.

O Prof. Berrocal intervén para preguntar se no master profesionalizante se pode cobrar por parte dos profesores e, en cambio, a docencia dos másters investigadores se integra no POD. Esixe una normativa clara que diga como son as cousas.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia European contesta que as cousas xa son así neste momento, pero debe terse en conta que na Universidade de Vigo non existe aínda ningún master do RD 1393/2007, senón que solo programas oficiais de posgrao que poden conducir a título de master ou doutor. Isto ten que mudar e debe resolverse en cada caso. O calendario que se presenta é en previsión de que a ANECA marque prazos e non se está improvisando senón que se resolve a situación para seguir avanzando.

Reitera o Prof. Berrocal que se hai novo marco debe haber normas aprobadas e coñecidas e non se poden aprobar calendarios en lugar de normativas. Refírese tamén a mestura que fai a vicerreitora entre mención de calidade e máster investigador. Considera que non é a vicerreitora quen debe decidir que os programas de doutoramento con mención de calidade van ser masters de investigación, senón que isto debe ser unha decisión da universidade.

O reitor sinala que a normativa que se está aplicando é a que está vixente, tanto da Xunta coma do Ministerio que sinalan que categorías de máster existen e a universidade elixe entre eles os que considera mais axeitados para a mesma. Non é necesaria mais normativa pero si un documento de política onde se manifesten as opcións e que se expliquen.

O Prof. Legido sinala que debe quedar clara a reforma dos masters e a necesidade de adaptarse ao RD 1393/2007, a maiores entende que se baralla a idea dun novo cómputo por programa pero as condicións deben saberse por toda a comunidade universitaria.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que no documento de I+D saberase como están as cousas e que medidas se van adoptar. No relativo á mención de calidade, trátase dunha ferramenta mais para facer un diagnóstico de como está a situación do doutoramento na universidade. En canto ás transformacións dos POPs, aínda non hai instrucións, pero parece que haberá que pasar polo sistema novo que é a verificación.

O Prof. Legido pregunta que normativa se vai aplicar porque as liñas estratéxicas requiren una normativa para a súa aplicación.

O reitor alega ao respecto que o documento que se vai aprobar no Claustro Universitario non é unha declaración de intencións.

O Prof. Mejuto pregunta pola posición da Universidade en relación ao informe da asesoría xurídica sobre a necesidade de que a docencia dos programas oficiais de posgrao estean en POD.

A vicerreitora contesta que esa non é opinión da universidade senón da asesoría xurídica e reitera que hai dous tipos de posgraos oficiais: os profesionalizantes e os de perfil investigador e só os segundos están en POD.

A secretaria xeral puntualiza en relación a ese informe dúas cousas: primeiro, que ese informe non se pode aplicar con carácter xeral a todos o posgraos oficiais que se imparten na universidade, senón a ese especificamente que é interuniversitario; segundo, que se refire a un posgrao que se rexe por unha normativa que xa non está vixente que é o RD 56/2005.

Procédese á votación do calendario presentado pola vicerreitora:

- Votos a favor: 26
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 7

Apróbase por maioría.

Punto 9. Aprobación, se procede, da liquidación e memoria económica do ano 2007.

Intervén a xerente da universidade quen expón o contido concreto da memoria económica que se recolle no **anexo IV**, incluíndo as contas anuais de Cidade Universitaria S.A e da Fundación da Universidade de Vigo.

Intervén o Prof. Legido para agradecer o esforzo feito e adianta o seu voto favorable a este punto. Seguidamente, fai relación a CUSA e considera que se segue ao mesmo nivel que en 2005 e 2006, coa tendencia negativa, perdendo cartos. Pregunta se se seguirá así moito tempo e se seguirá inxectando diñeiro por parte da universidade.

O reitor contesta que na situación actual, a adquisición do teatro vai no sentido que establece a sentenza, pero se vai con calma porque existen vinte contratos de arrendamento firmados. A sentenza obriga a parar aí, pero existe un plan de viabilidade aprobado que supón reducir o endebedamento. Para continuar con este proceso é necesario facer a ampliación de capital e reducir CUSA á actividade comercial.

Debátese sobre o tema entre o Prof. Legido e o reitor, ampliándose o mesmo á posibilidade de que a universidade poda acometer por si mesma actividades extraacadémicas como servizos de cafetería ou de gardería.

O Prof. Berrocal manifesta o seu acordo co manifestado polo Prof. Legido e a maiores sinala que ve certo ton de triunfalismo na memoria presentada pola xerente e falando da FUVI pide transparencia.

A xerente contesta que no documento presentado se reflicte a actividade económica e non hai nada máis. No que respecta á FUVI tampouco hai triunfalismo e o que se reflicte é a actividade existente.

O vicerreitor de Planificación intervéen para sinalar que debe darse mais visibilidade á FUVI e por iso se vai trasladar á área comercial, ao lado de FEUGA, o que se considera positivo. No relativo ás prácticas de estudantes, serán levadas pola FUVI pero isto farase anodo.

O Prof. Legido pregunta por que é positivo que é está ao lado de FEUGA.

O reitor resposta que é importante que se visualice por todos a existencia da FUVI, sobre todo para os alumnos.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, da modificación das normas de execución orzamentaria.

Intervén a vicerreitora de Economía que expón a modificación dos artigos 3 e 8 das normas de execución orzamentaria recollida no **anexo V**, xa aprobadas por unanimidade pola Comisión de Economía e Planificación.

O Prof. Berrocal pregunta se o cambio no programa de departamentos trae consigo algún tipo de repercusión en relación aos conceptos aos que se está aplicando neste momento esa partida.

A vicerreitora de Economía resposta que non.

Intervén o Prof. Legido para preguntar se no caso dos masters debe facerse unha previsión dos gastos. Ao que a vicerreitora contesta que é un imperativo da propia contabilidade.

O Prof. Legido pon de manifesto a complexidade de facer esas previsións e presenta a posibilidade de que se podan buscar mecanismos para evitar iso. A vicerreitora contesta que se colaborará en todo o que estea dentro da legalidade

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos seguintes importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.

Intervén a vicerreitora de Economía que explica os importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición que constan no **anexo VI**, sinalando que hai dúas partes, unha que xa pasou pola Comisión de Economía e outra que non debido á urxencia co que o solicita o servizo de contabilidade.

O Prof. Legido pregunta na partida 300V polos 25.000 euros dos programas de virtualización de posgraos.

A vicerreitora de Economía resposta que se trata dunha errata no texto. Esta aplicación refírese a unha incorporación de remanente no Programa de Innovación Docente xa que non fora contemplada no orzamento de 2008.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, do pronunciamento do Consello de Goberno sobre as taxas académicas.

Intervén o reitor para sinalar que se trata de aprobar un posicionamento do Consello de Goberno sobre as taxas académicas para que o equipo de goberno teña certeza sobre a postura que ten a universidade e así poder defendela cando lla pidan. Seguidamente expón o contido do pronunciamento que se recolle no **anexo VII**.

Intervén o Sr. Fariñas quen entende que é una proposta acertada e pregunta se hai algunha posibilidade de poñer algún prazo mais de pago para a matrícula.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes sinala que cara ao futuro haberá prazos de matrícula mais flexibles en canto se tenderá a facer matrícula en cada cuatrimestre.

Ante a pregunta do Sr. Fariñas de para cando será iso, a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que a tendencia é que o alumno, nos novos títulos de grao, se matricule de aquilo que pode afrontar, pero que aínda falta moita normativa para poñer en marcha este sistema.

Insiste o Sr. Fariñas sobre a posibilidade de que se prevea mais prazos para o pago da matrícula.

O reitor contesta que se estudará o tema.

O Sr. Fariñas pregunta se existe un procedemento previsto sobre incidencias sobrevidas que permitan aprazar a matrícula.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes sinala que existe unha convocatoria da Xunta de Galicia relativa a causas sobrevidas pero non ten a certeza de que isto poda ser aplicado á matrícula.

Debátese sobre o tema entre o reitor, a vicerreitora e o Sr. Fariñas. Conclúe o reitor sinalando que a mellor opción é que nestes casos de circunstancias sobrevidas o estudante se dirixa ao Consello Social.

Se procede á votación da proposta de pronunciamento sobre taxas:

- Votos a favor: 26.
- En contra: 1 (do Prof. Mejuto).
- Abstencións: 3.

Apróbase por maioría.

Punto 13. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética.

Intervén o reitor quen expón que se trata dunha sociedade de interese galego que ten como obxecto prioritario a construción, dotación de recursos e posta en marcha do Centro Tecnolóxico de Sostibilidade e Eficiencia Enerxética. Os membros do padroado son

- a) Ata un número máximo de 3 patróns, designados por la Consellería de Innovación e Industria en representación da Xunta de Galicia.
- b) Ata un número máximo de 3 patróns en representación de cada unha das universidades do Sistema Universitario de Galicia, designados polo padroado a proposta das tres universidades
- c) Ata un número máximo de 18 patróns designados polo padroado a proposta do comité executivo, en representación do sector empresarial e de outras entidades, asociacións, fundacións ou institucións non incluídas nos apartados a) e b).

No caso da universidade designase como patrón ao reitor que poderá delegar na persoa que considere oportuna.

Sinala tamén que a universidade ten que facer unha achega económica de 30.000 euros.

Apróbase por asentimento.

Punto 14. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Química.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que ese regulamento ten sido informado favorablemente pola asesoría xurídica e revisado polo servizo de normalización lingüística.

Engade que, é necesario adaptar á LOU os artigos 4.c), 19, 21 e 25, que regulan a composición da xunta de centro e outras comisións delegadas, así coma os requisitos para ser director de centro, en canto as mencións que se fan ao profesorado funcionario deben ser substituídas por profesor con vinculación permanente

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Aprobación, se procede, dos modelos de convenios de cooperación educativa para as prácticas de máster e cursos de especialista en empresas e institucións.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que de acordo ca Normativa reguladora do procedemento de tramitación e aprobación de convenios, o Consello de Goberno pode aprobar modelos-tipo de convenios que garantan que nunha mesma materia se realicen os mesmos tipos de acordos e deste xeito se asegure a uniformidade de actuación.

De acordo con isto tráense dous modelos de convenios de cooperación educativa para prácticas de alumnos de master non oficial e cursos de especialista, un en empresas e outro en institucións. Ambos teñen informe favorable da asesoría xurídica e teñen sido revisados polas vicerreitorías afectadas.

A maiores a aprobación destes convenios-tipo, evita que sexa necesario aprobar individualmente cada convenio, nin sometelo aos controis previos que se establecen no regulamento de convenios.

Apróbanse por asentimento.

Punto 16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración coa L'Université Cadi Ayyad (Marrocos) – Convenio específico coa Universidade dos Andes (Venezuela) – Memorando de entendemento co Ministerio de Educación e Ciencia para promover a colaboración na área da docencia – Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o apoio ao deporte universitario e a dinamización da práctica deportiva – Addenda ao convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, sobre o catálogo de validacións 2008-2009 – Convenio específico interuniversitario coa Universidade de Girona para a mobilidade de alumnos do máster oficial en planificación e dirección de turismo – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para a preparación das propostas de novos plans de estudo no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais – Protocolo de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para a formación clínica dos estudantes

de ciencias da saúde no sistema universitario de Galicia (SUG) – Addenda ao convenio de colaboración coa Universidade Rovira i Virgili e a Universidade da Coruña, para a elaboración dun modelo de armonización da docencia orientado á converxencia ao espazo europeo de educación superior – Convenio de colaboración coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo, para promover conxuntamente un programa de cursos, seminarios e encontros no ano 2008 – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para o apoio á creación e consolidación de oficinas de software libre universitarias – Convenio marco de colaboración co Centro de Investigaciones en Óptica, A.C. (México) – Convenio Específico co Centro de Investigaciones en Óptica, A.C. (México)

Pregunta o Prof. Berrocal en relación ao convenio sobre ciencias da saúde que implica exactamente para a universidade.

O reitor resposta que se trata dun convenio global para o sistema universitario de Galicia que inclúe hospitais da Coruña e Vigo para a formación clínica de determinadas materias, con intervención das xerencias dos hospitais pero dependendo en todo caso do expediente académico dos alumnos da Universidade de Santiago de Compostela. Trátase dun convenio que estará vixente ata 2010.

Continúa preguntando o Prof. Berrocal se aqueles que estaban impartido docencia non oficial agora terán vinculación coa Universidade de Vigo, ao que resposta o reitor que non.

O Prof. Legido pregunta polo convenio de colaboración entres as tres universidades galegas e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre preparación das propostas de novos plans de estudo no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

A vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea sinala que se trata dunha achega económica ás universidades para a realización de actividades de impulso aos novos plans de estudo adaptados ao espazo europeo de ensino superior.

Apróbanse por asentimento.

Punto 17. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social).

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non hai ningún candidato presentado.

Punto 18. Rogos e preguntas.

Inervén o Sr. Torres para preguntar polas razóns do traslado de D^a Hilda Iglesias.

A xerente contesta que se están analizando pola Xerencia todas as funcións e servizos e, entre eles, os de investigación. Sinala que non se trata dun traslado en canto se trata dunha

técnica da OTRI e seguirá traballando na mesma oficina aínda que con outras funcións encomendas co obxecto de mellorar o servizo.

O Prof. Berrocal, expón, en relación ao plan de promoción que as persoas que gañan unha praza están en situacións diversas: algúns non toman posesión ata que remate o seu contrato e a outros non se lles convoca ao concurso. Ante estas situacións solicita que se permita, no primeiro caso, que tomen posesión da praza e, no segundo, que se lles convoque á praza.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta que é un tema complexo e que estudará o tema.

Pregunta o Prof. Berrocal se no caso do plan de promoción para plurilingüismo para a obtención de complemento basta con ter a documentación noutro idioma que non sexa o castelán.

O vicerreitor de Relacións Institucionais contesta que é necesario o cumprimento doutros requisitos que aparecen recollidos na convocatoria.

Pregunta finalmente o Prof. Berrocal polo grao de execución do proxecto de Mendez da Rocha.

O vicerreitor de Planificación resposta que se está reformulando o proxecto porque o feito da construción do novo CACTI e o novo módulo de enxeñaría, afecta ao proxecto.

O Prof. Legido pregunta sobre a necesidade de que conste en POD a docencia dos POPs e cal é a posición do equipo de goberno.

Debátese sobre o tema entre o reitor e o Prof. Legido e conclúe o reitor que en termos académicos a resposta xa está dada.

O Prof. Legido fai unha serie de preguntas, por encargo da dirección da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, sobre o grao en ADE, que constan no **anexo VIII**.

O reitor sinala que xa respondeu a todas as preguntas nunha reunión coa dirección do centro.

O Sr. Fariñas pregunta novamente pola posibilidade de ampliar o horario de apertura da biblioteca nos períodos previos aos exames.

O vicerreitor de Planificación resposta que a situación está igual que no curso pasado debido a problemas sindicais, pero sinala que seguirá traballando para mellorar a situación.

Segue o Sr. Fariñas coa súa intervención coa petición de que, no caso de sobrepasar a data de entrega dun libro prestado pola Biblioteca, que o correo electrónico avisando dese feito se remita antes de que remate o prazo para así evitar a posible sanción.

A xerente toma nota da petición.

O Sr. Fariñas solicita que nas enquisas dos alumnos se faga unha pregunta relativa á utilización do correo electrónico por parte dos profesores.

O vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade resposta que nas novas enquisas xa hai unha pregunta específica sobre o tema.

Continúa o Sr. Fariñas preguntando se é posible aumentar a oferta da tarxeta universitaria con outros descontos por parte de empresas colaboradoras e se se poderían ofertar becas de colaboración para que os alumnos fagan de comerciais para captar empresas colaboradoras.

O vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade contesta que efectivamente é posible aumentar a oferta da tarxeta e que non se pensara na opción dos bolseiros.

Debátese sobre o tema entre o reitor o vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade e o Sr. Fariñas.

Pregunta o Sr. Fariñas cando vai a estar dispoñible a piscina do campus de Ourense e se o acceso á piscina para os membros da comunidade universitaria será gratuíto.

O vicerreitor do Campus de Ourense resposta que a piscina estará operativa en outubro e, en canto ao custo da utilización da mesma para os membros da comunidade universitaria, sinala que a xestión a leva unha empresa privada, debendo aprobar as tarifas o Consello Social.


A Prof^a Suárez pregunta sobre os efectos sobre o POD do practicum e a dirección dos traballos de fin de grao nos novos títulos, sobre todo en titulación nas que as prácticas teñen gran presenza.


O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta que se estudará o tema.

O Prof. Vidal, en relación ao uso dos móbiles durante as sesións de Consello de Goberno, considera que é unha falta de respecto a todos e considera que o reitor debería facer unha chamada de atención.

O reitor entende que a utilización dos móbiles nas sesións e só en casos de urxencia e se está con vibrador e se usa con prudencia non debería molestar a ninguén.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:50 horas do día 11 de xuño de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor

 Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral

 Esther M^a González Pillado